



GUÍA DIDÁCTICA

DEPENDE DOS DOUS

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Muros, elaborou este material destinado á sensibilización e información en Igualdade de Oportunidades dirixido ao alumnado de Secundaria.

A finalidade deste material, formado por nove pímulas / obradoiros (3 por grupo de idade, primaria, ESO e bacharelato - xuventude) é facilitar ao profesorado, pais, nais, titores/as e aos propios mozos e mozas unha serie de propostas didácticas que faciliten unha mellor comprensión de distintos aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades.

Nesta pímula / obradoiro centrámonos en como os conceptos tratados ata o momento (os estereotipos de xénero, os micromachismos, a linguaxe sexista, o machismo, etc.) son, en parte, o resultado dunha socialización diferenciada, entendida como un proceso que ten un impacto directo e indirecto sobre o desenvolvemento da identidade de xénero e as expectativas que se xeran de forma diferente dependendo do sexo da persoa.

Nesta interacción entre bioloxía e ambiente, trátase de amosar o rol que teñen os axentes de socialización, como a familia, as amizades, o colexio, os medios de comunicación, a cultura, a relixión, etc., á hora de conformar a maneira en que se educa á poboación. Neste sentido, as mozas edúcanse para os afectos, as relacións e o coidado, mentres que os mozos edúcanse para o éxito e o poder. Como consecuencia desta socialización diferenciada por xénero, límitase o desenvolvemento e crecemento das persoas en todas as áreas da vida. Do mesmo xeito, tamén se promoven as relacións de desigualdade e a violencia de xénero.

Polo tanto, para evitar estas consecuencias, foméntase unha loita conxunta pola igualdade que realmente lidere un cambio na sociedade e que, en última instancia, promova un desenvolvemento ilimitado das persoas e a consolidación de relacións interpersoais. Para iso, dáselle ao alumnado algunhas claves prácticas que poidan realizar no seu día a día para impulsar este cambio:

- Adestrar a mente para, en primeiro lugar, saber detectar e identificar aquelas crencas, actitudes, linguaxe... que fomentan a desigualdade, en elementos como o contido que consumen a través das redes sociais. En segundo lugar, poder elixir se queren ou non consumir contido que teña, por exemplo, unha mensaxe machista.



- Apostar pola corresponsabilidade, tendo unha participación máis activa e equilibrada nas tarefas domésticas e nas responsabilidades familiares como parte do camiño cara á igualdade.
- Favorecer o desenvolvemento das relacións de respecto, apoio e cooperación mutua independentemente do sexo das persoas.

2. DESTINATARIOS/AS

O obradoiro está dirixido ao alumnado da ESO (12 – 16 anos), aínda que pola temática é posible que requira un acompañamento /adaptación no caso de 1º e 2º.

3. OBXECTIVOS

- Repasar os contidos anteriores.
- Ensinar a influencia que teñen a contorna na construción da identidade de xénero e as súas consecuencias.
- Promover un cambio conxunto cara á igualdade.
- Fomentar o cambio a través de actividades prácticas da vida cotiá.
- Favorecer o uso do pensamento crítico no consumo de contido audiovisual.
- Promover a participación máis activa e equilibrada nas tarefas do fogar e nas responsabilidades familiares.
- Potenciar relacións de apoio, respecto e cooperación mutua.

4. CONTIDOS

- Que é a socialización diferenciada e os axentes de socialización.
- Que consecuencias ten a socialización diferenciada de xénero.
- Como xerar un cambio cara á igualdade dende o día a día.
- Adestra a túa mente!
- Aposta pola corresponsabilidade.
- Relacións igualitarias e de apoio mutuo.

5. METODOLOXÍA

Inclúense 4 tipos de materiais neste obradoiro:

- Unha guía didáctica
- Presentación de contidos en PDF
- Vídeos
- Cuestionarios interactivos
- Material para publicacións en redes sociais



A secuencia de actividades desta guía obedece a unha orde lóxica da temática tratada; non obstante, pódense adaptar as actividades segundo os intereses e necesidades.

O contido pode ser autoadministrado polos mozos e mozas polo que, aínda que é interesante que se comece pola presentación en PDF, poden acceder aos mesmos de maneira non secuencial, velos todos ou só en parte.

De concibirse como unha actividade que se vai realizar en familia, consideramos interesante seguir o guión da presentación (aínda que non é preciso empregar o documento xa que se pode facer de forma oral ou mediante vídeos seleccionados).

En grupos / clases (o ideal 10-15 participantes) o profesorado e o/a monitor/a debe favorecer o debate en grupo e partir das experiencias propias dos mozos e mozas, seguindo a través da aprendizaxe cooperativa, a actividade e a simulación de situacións interpersoais, utilizando diferentes agrupamentos.

O/a profesor/a pode moderar as sesións, facilitar exemplos para familiarizar ao alumnado coas actividades, orientar na procura de solucións, modelar, actuar como guía, etc.

6. PLANIFICACIÓN

O contido, vídeos e actividades pódense ver de forma persoal nun tempo máximo de 20'. De realizarse en familia / grupo / clase a duración pódese adaptar perfectamente a unha sesión de 55' aínda que dependerá da profundidade que se queira dar e do nivel de interacción dos e das participantes, podendo ser necesarias dúas sesións.

7. ACTIVIDADES ADICIONAIS

Para realizar en grupo e como complemento da actividade principal propónse:

- Para traballar cada unha das claves para fomentar o cambio cara á igualdade propónse:
 - ✓ A destra a túa mente!: visualízase o vídeo coa canción en grupo, pedíndolles que analicen ben a letra da mesma. Posteriormente, pasamos a debater as preguntas propostas na presentación. Faise o mesmo con outros contidos de exemplo coma o cartel publicitario do Corte Inglés.
 - ✓ Aposta pola corresponsabilidade!: divídense en parellas ou en pequenos grupos. Un/unha dos/as participantes debe contar que fai nun día normal, mentres que o resto toma nota. O resto do grupo debe seguir o mesmo procedemento. A continuación, entre todos/as deben analizar que pasos ou procedementos hai



detrás de cada unha das accións. Por exemplo: para comer, hai que facer a comida, poñer a mesa, recollela, fregar a louza... Rematamos cunha reflexión individual sobre como se pode colaborar máis nas tarefas domésticas e nas responsabilidades familiares para que esta repartición sexa máis equitativa e equilibrada para todos os membros da familia.

- ✓ Relacións igualitarias de apoio, respecto e cooperación mutua: actividade do nobelo de la. Todos/as os/as participantes deben colocarse en círculo. Un/unha deles/as colle o extremo da la do nobelo e, sen soltalo, lanza coa outra man o nobelo a un/unha compañeiro/a, ao mesmo tempo que di algo positivo que lle guste ou valore da persoa a quen llo lanza. O que recibe o nobelo, agarra o fío e, tamén sen soltalo, lanza de novo o nobelo a outro/a compañeiro/a, dicindo algo que valore ou lle guste del/dela. Así sucesivamente ata que todos/as os/as participantes agarran un anaco de fío, mentres se vai formando unha vistosa figura a modo de tea de araña ou estrela. Para finalizar, o/a último/a participante en recibir o nobelo tenllo que lanzar ao primeiro/a, xa que desta maneira pechamos o círculo. Deste xeito, non só se están traballando as relacións igualitarias, o apoio e o respecto mutuo, senón tamén a cooperación, xa que, se algún ou algunha deles/as solta o fío, a figura que se formou romperá.

8. COMO AVALIALO

Nos contidos inclúíronse cuestionarios para ser autoadministrados, en grupo pódese avaliar segundo o nivel de participación e a comprensión dos contidos.

9. AMPLIAR INFORMACIÓN

Hai múltiples fontes e referencias, pero recomendamos:

- Instituto de la Mujer. *Guía de corresponsabilidad. La corresponsabilidad también se enseña.* Recuperado de <https://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/GuiaCorresponsabilidad.pdf>
- Junta de Andalucía. *Sexualidad y relaciones igualitarios.* Recuperado de <https://www.juntadeandalucia.es/educacion/portals/delegade/content/46046472-7424-460d-83cc-3f415f6b5cad>